

DOMINGO 20 ORDINARIO CICLO A

PRIMEIRA Is 56, 1. 6-7

Ós fillos de estranxeiro traereinos ó meu monte santo

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE ISAÍAS

Así fala o Señor:

cumpride o dereito e practicade a xustiza,
que a miña salvación está próxima a chegar
e a miña xustiza (está próxima) a mostrarse.
E aos fillos de estranxeiro que se apegan ao Señor,
servindo e amando o Nome do Señor, sendo os seus servos,
a todo o que garde o sábado sen profanalo
e aos que se manteñan firmes na miña Alianza,
traereinos ao meu monte santo
e alegrareinos na miña casa de oración.
Os seus holocaustos e os seus sacrificios
servirán de ofrenda de amor sobre o meu altar.

SALMO RESPONSORIAL Sal 66, 2-3. 5. 6 e 8

R/ (4): Lóuvente, Deus, os pobos, lóuvente os pobos todos

Deus se apiade de nós e nos bendiga,
móstrenos a luz da súa presenza.
Que se coñezan na terra os seus camiños
e en todos os pobos a súa salvación.

Alégrense e canten as nacións,
porque ti governas os pobos rectamente
e guías na terra as nacións.

Lóuvente, Deus, os pobos,
lóuvente os pobos todos.
Que Deus nos bendiga e que o teman
os confíns todos do mundo.

SEGUNDA Rm 11, 13-15. 29-32

Os dons e a chamada de Deus son irrevocables

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS ROMANOS**

Irmáns e irmás:

Isto dígovolo a vós, os xentís. E, coma apóstolo que son dos xentís, fago gala deste ministerio, por ver se esperto celos nos da miña xente e podo así salvar a algúns deles. Se a súa reprobación foi reconciliación do mundo, que será a súa acollida, senón unha auténtica vida, que xorde de entre os mortos?

Pois os dons e a chamada de Deus son irrevocables. Porque vós fostes noutrora desobedientes a Deus, pero agora conseguistes a misericordia por desobediencia deles. Do mesmo xeito: tamén eles agora non creron, para que, con ocasión da misericordia usada convosco, tamén eles logren misericordia. Porque Deus encerrou a todos os homes na desobediencia, para se compadecer de todos.

ALELUIA Cf Mt 4, 23:

Xesús predicaba o Evanxeo do Reino e sandaba toda enfermidade no pobo

DOMINGO 20 ORDINARIO CICLO A

EVANXEO Mt 15, 21-28

Ouh muller, ¡que grande é a túa fe!

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela foi Xesús para a comarca de Tiro e Sidón. E apareceu unha muller cananea daqueles contornos, que berraba:

- Compadécete de min, Señor, Fillo de David: a miña filla está atormentada por un demo.

Pero el non respondeu palabra. Achegándoselle os seus discípulos, rogábanlle:

- Despídea, que vén berrando detrás de nós.

El contestoulles:

- Non fun enviado máis que ás ovellas extraviadas da casa de Israel.

Pero ela alcanzounos e, prostrándose, suplicoulle:

- ¡Señor, váleme!

El respondeulle:

- Non é ben quitarlle o pan aos fillos para llelo botar aos cadelos.

Pero ela contestou:

- Non é, Señor, non; pero tamén os cadelos comen das migallas que caen da mesa dos seus amos.

Entón respondeulle Xesús:

- ¡Muller, a túa fe é ben grande: fágase, logo, como desexas!

E a súa filla ficou sa naquela hora.